

Á MESA DA COMISIÓN 4ª

O **Grupo Parlamentario Mixto**, a iniciativa da súa deputada **Paula Vázquez Verao** e a través do seu voceiro, ao abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento da Cámara, presenta ante esta Mesa a seguinte **emenda** á Proposición non de lei en Comisión do Grupo Parlamentario En Marea, **número 52253 (10/PNC-004174)** sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa situación en que se atopan os investigadores de alto nivel contratados polas universidades galegas na súa etapa posdoutoral como consecuencia da demora na publicación da resolución das novas axudas, correspondentes á modalidade B, para a renovación dos seus contratos, incluída na orde do día da **Comisión 4ª** do próximo día 6 de setembro de 2019.

Emenda de adición

Débese engadir un punto 3 co seguinte texto:

“Aumentar o investimento en I+D+i ata acadar, cando menos, o 2% do PIB nos Orzamentos de 2020, e camiñar cara o propósito fixado pola Estratexia 2020 da Unión Europea; isto é: o 3% do PIB en 2020.”

Santiago de Compostela, a 4 de setembro de 2019.

Asdo: Paula Vázquez Verao e Luís Villares Naveira, deputada e voceiro do G.P. Mixto

Asinado dixitalmente por:

Paula Vázquez Verao na data 04/09/2019 20:00:47

Luis Villares Naveira na data 04/09/2019 20:01:33



Á MESA DO PARLAMENTO

O Grupo Parlamentario Grupo Común da Esquerda, por iniciativa da súa deputada Luca Chao Pérez e ao abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Emenda** á Proposición non de lei, doc. núm. **52253**, do Grupo Parlamentario de En Marea, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa situación en que se atopan os investigadores de alto nivel contratados pola universidades galegas na súa etapa posdoutoral como consecuencia da demora na publicación da resolución das novas axudas, correspondentes á modalidade B, para a renovación dos seus contratos, incluída na orde do día da sesión que esta comisión vai celebrar o vindeiro día 6 de setembro. (10/PNC-004174)

Emenda de Modificación

Debese substituír a parte resolutiva da proposta pola seguinte:

O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a:

1. Resolver a convocatoria no menor prazo posible.
2. Establecer prazos fixos para as convocatorias e resolución dos programas de investigación de xeito que se garanta unha maior estabilidade para a carreira investigadora, e sempre antes do inicio do curso académico de xeito que as investigadoras e investigadores podan planificar de xeito axeitado o curso académico.
3. Adaptar as convocatorias para que as avaliacións teñan en conta o tempo efectivamente traballado de xeito que as mulleres ou homes que asumen permisos de maternidade ou paternidade non sexan penalizados.



4. Adaptar as prazas ofertadas nas distintas modalidades do plan de investigación IC2 de xeito que se fomente a estabilidade laboral das persoas seleccionadas.

Santiago de Compostela, 5 de setembro de 2019.

Asdo.: Luca Chao Pérez

Deputada do G.P Grupo Común da Esquerda

Manuel Lago Peñas

Voceiro do G.P. Grupo Común da Esquerda

Asinado dixitalmente por:

Luca Chao Pérez na data 05/09/2019 13:04:46

José Manuel Lago Peñas na data 05/09/2019 13:05:00



A Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario Popular de Galicia** a través do seu **Portavoz** e por iniciativa da deputada Isabel Novo Fariña, ao abeiro do disposto no artigo 161.2 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **emenda á proposición non de lei en Comisión** do Grupo Parlamentario de En Marea **(10/PNC-004212) (52956)** sobre a demanda á Xunta de Galicia destinada ao mantemento do ciclo de grao medio de FP de emerxencias e Protección Civil

Emenda de modificación

Débese substituír o texto da parte resolutiva, polo que segue a continuación:

O Parlamento galego insta á Xunta de Galicia a estudar e analizar a reordenación das ensinanzas de FP en Emerxencias e Protección Civil en función das necesidades de profesionais da nosa comunidade

Santiago de Compostela, 5 de setembro de 2019

Asinado dixitalmente por:

Pedro Puy Fraga na data 05/09/2019 17:42:18

María Isabel Novo Fariña na data 05/09/2019 17:43:01

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com

